


Decálogo da febre



Acerca da
febre
dos vosos
fillos

1.

A febre **non é unha enfermidade**, é un mecanismo de defensa do organismo contra as infeccións, tanto as causadas por virus como por bacterias.

2.

A febre por si mesma **non causa dano** cerebral, nin cegueira, nin xordeira, nin morte.

3.

Alguns nenos predispostos (4 %) poden ter convulsións por febre pero **o tratamento da febre non evita estas convulsións**. Nunca se deberían dar medicamentos para baixar a febre con este propósito.

4.

Hai que tratar os nenos febrís só cando a febre se acompaña de malestar xeral ou dor. O ibuprofeno e o paracetamol teñen a mesma eficacia para tratar a dor e a súa dosificación debe realizarse en función do peso do neno e non da idade. A combinación ou alternancia de ibuprofeno e paracetamol non é aconsellable.

5.

O uso de panos húmidos, fregas de alcohol, espir os nenos, duchas, baños... para o tratamento da febre está desaconsellado.

6.

Non abrigar nin espir demasiado o neno con febre.

7.

O neno con febre **debe estar ben hidratado**. Hai que ofrecer frecuentemente líquidos e procurar que estes teñan hidratos de carbono (zumes de froitas, batidos, papas etc.).

8.

Non é aconsellable o uso de paracetamol ou ibuprofeno **tras a vacinación para previr** as reaccións febrís ou locais.

9.

Nin a cantidade de febre nin o descenso desta tras administrar ibuprofeno ou paracetamol serven para orientar sobre a gravidade da infección.

10.

Debe **vixiar signos de empeoramento** clínico e consultar con carácter urxente se o seu fillo presenta:

- Manchas pequenas na pel, de cor vermella escura ou morada, que non desaparecen ao estirar a pel de arredor.
- Decaemento, irritabilidade ou choro excesivo e difícil de calmar.
- Rixidez de colo.
- Convulsión ou perda de coñecemento.
- Dificultade para respirar (marca as costelas e afunde o esterno, óense como sibilancias cando respira, respiración moi rápida, axitada etc.).
- Vómitos e/ou diarrea persistentes ou moi abundantes que causen deshidratación (lingua seca, ausencia de saliva, ollos afundidos etc.).
- Se non mexa ou a urina é escasa.
- Sempre require consulta urxente a febre nun neno menor de 3 meses.